

28 de Abril: a saúde laboral, social e ambiental é un dereito de todos os seres humanos

A **defensa da saúde dos traballadores** é prioritaria para a CGT. Unha primeira aproximación aos datos existentes sobre sinistralidade laboral e enfermidades profesionais durante o 2010 reflicten unha tendencia descendente en relación a 2009.

Sen embargo, existen outros indicadores que merecen ser tidos en conta para comprender mellor os efectos negativos da crise:

- **Os accidentes laborais sen baixa aumentan**, que é un indicador de que a conxuntura do mercado laboral está facendo que os traballadores acudan ao seu traballo en condicións de saúde deficientes.
- Tamén é moi destacable cómo **os accidentes laborais concéntranse nos traballadores de máis idade**, o que non augura nada bo en relación ao retraso da idade de xubilación que se nos ven enriba.

Para o **sistema capitalista**, a saúde dos traballadores non é un elemento importante que deba anteporse á obtención de beneficios. No capitalismo, o **modelo enerxético** atópase controlado por unhas poucas transnacionais, que alimentan un **modelo produtivo** baseado na explotación ilimitada dos recursos humanos e materiais e que, á súa vez, difunde un **modelo de consumo** que obriga a esquilmar uns recursos enerxéticos naturais por riba dos que o planeta pode rexenerar. O petróleo como fonte de enerxía principal do capitalismo global é o responsable directo do cambio climático e de boa parte dos conflitos armados que se libran no planeta. A **enerxía nuclear** como alternativa ante o esgotamento do petróleo, non ven senón a agravar o "xenocidio" medioambiental e humano, **como o demostra o drama de Fukuxima**.

As consecuencias sobre a **saúde laboral, social e ambiental** non fixeron máis que empeorar drasticamente para dous terzos da poboación mundial. Cambio climático, formas de vida que desaparecen, ameazas sobre a soberanía alimentaria, enfermidades laborais, medioambientais e sociais son consecuencia da precarización xeneralizada do traballo humano e da expansión incontrolada das innovacións tecnolóxicas ao servizo do capital.

A saúde laboral é unha parte esencial da saúde social e medioambiental. Se non damos pasos serios, aquí e agora, cara outro modelo enerxético e, polo tanto, cara outro modelo produtivo e de consumo, non teremos feito nada por evitar a cada vez peor saúde que temos no presente e seremos responsables de que as xeracións futuras carezan non só dos indicadores de saúde actuais, senón que estes veranse agravados moi seriamente.

A vida sa e en harmonía para todos e todas, para os seres vivos que habitamos este planeta e para quen o habite mañá, só pode ser posible cun cambio radical no modelo produtivo, enerxético e no modelo de consumo. É necesaria a concienciación social sobre o dereito a vivir con saúde, a un traballo de calidade, a unhas relacións persoais baseadas na liberdade, a un lecer creativo.

**A Saúde laboral, social e ambiental, é un dereito de todos os seres humanos.
Esixámola e loitemos por ela.**